

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE
CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MAIO
DE DOUS MIL DEZASETE: - - - - -**

=====

PRESIDENTE ACIDENTAL:

D. José Daniel Fernández Piñeiro

CONCELLEIROS/AS:

- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D^a Vanessa Rodríguez Búa
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto Carlos Agís Balboa
- D. Telmo Martín González
- D. Juan Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez

INTERVENTOR:

D. José Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Angel - Luís López Pita

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas do día trinta e un de maio de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde accidental, D. JOSÉ DANIEL FERNÁNDEZ PIÑEIRO**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.----

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA : O **Sr. Alcalde Accidental** xustificou a urxencia para acabar con esta situación de interinidade que se vive no Concello e mais tendo en conta a proximidade do verán.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, mostrou a súa conformidade coa urxencia.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, indicou que a urxencia viña dada polo acordo entre o PP e SAL, cando por un día mais, o necesario para que a sesión non fose urxente, non lle pasaría nada ao Concello.

A **Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que a urxencia se debe a que se tomaron decisións moi de présa e sen os debidos tramites.

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou que había dez días para celebrar o pleno despois da renuncia do alcalde, polo que se actuaba dentro do prazo legalmente previsto e mesmo puido realizarse anteriormente con carácter inmediato.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente Accidental** someteu a votación a ratificación da urxencia da convocatoria, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da Sra. Rodríguez Búa e o Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e a Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia, a **urxencia da convocatoria resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación.**-----

2º) ELECCIÓN DE ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE SANXENXO : O **Sr. Alcalde Accidental** dixo que primeiro procedía a presentación de candidatos á alcaldía, intervindo entón o **Sr. Secretario** para especificar que podían ser candidatos os/as concelleiros/as que encabezaron as correspondentes listas electorais, coa única excepción prevista no artigo 198 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral para casos, como o actual de renuncia do alcalde ao seu cargo, no que se considera que encabeza a lista na que figuraba o alcalde renunciante, o candidato seguinte, que neste suposto e referido á lista de SAL, é a concelleira **Dª Vanessa Rodríguez Búa**. O **Sr. Secretario** tamén sinalou que se encontraba a disposición dos/as concelleiros/as o arqueo extraordinario, co detalle das contas bancarias, realizado como consecuencia do cese do alcalde anterior e o nomeamento do que se vai a elixir nesta sesión.

A continuación o **Sr. Alcalde Accidental** convidou aos cabezas de lista das formacións políticas con representación municipal para que manifesten se se presentan á elección de alcalde, incluída a **Sra. Rodríguez Búa**, pola circunstancia sinalada anteriormente polo **Sr. Secretario**.

Consultados os **Sres. Martín González, Otero Domínguez e Agís Balboa** e as **Sras. Rodríguez Búa e González-Haba Pérez**, só presentou a súa candidatura **D. Telmo Martín González**. A continuación procedeuse a elección do alcalde, mediante o sistema de votación ordinaria, dándose o seguinte resultado:

Votos a favor do candidato D. Telmo Martín González: 11 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, coa excepción da concelleira Sra. Rodríguez Búa)

Votos en contra do candidato D. Telmo Martín González.: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

Votos pola abstención: 1 (Sr Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

O **Sr. Alcalde Accidental**, ao obter o candidato a **maioría absoluta** dos votos dos concelleiros/as, de conformidade co establecido no artigo 196.b) da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, **proclama alcalde electo do Concello de Sanxenxo a D. Telmo Martín González**.

A continuación **D. Telmo Martín González** procedeu a tomar posesión do seu cargo de **Alcalde do Concello de Sanxenxo** utilizando a formula disposta no RD 707/1979.

Seguidamente o **Sr. Alcalde Accidental** entregou a **D. Telmo Martín González** o bastón de mando da Alcaldía, pasando este a ocupar a presidencia da sesión.

Finalmente tomou a palabra o **Sr. Alcalde do Concello de Sanxenxo, D. Telmo Martín González**, dirixindo unhas breves palabras aos presentes.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as oito horas e trece minutos de todo o que, eu Secretario, **DOU FE:**